

REGULAMENTO

O clube de atletismo Serres Runners organiza a Quinta Edición da San Silvestre Muradana o sábado 26 de decembro de 2026 a partir das 19:00 horas no Concello de Muros.

Os/as deportistas inscritos/as comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

Artigo 1. Lugar de SAIDA de tódalas probas.

As probas sairán dende o Mercado Municipal de Muros.

Artigo 2. Horarios e distancias.

19:00 h. San Silvestre SUB12 (2015/16) - 2,5 KM APROX (30 PRAZAS)

19:15 h. San Silvestre SUB10 (2017/18) - 1 KM APROX (40 PRAZAS)

19:30 h. San Silvestre SUB8 (2019/20) - 750 M APROX (40 PRAZAS)

19:45 h. San Silvestre PEQUES (2021 E POSTERIORES) - 200 M APROX (40 PRAZAS)

20:00 h. San Silvestre Muradana (2014 E ANTERIORES) - 5 KM (300 PRAZAS)

Artigo 3. Inscricións.

1. Para formalizar a inscrición deberase cubrir o formulario habilitado na páxina web www.cronotec.es ata o martes 22 de decembro ás 23:59 h.

2. Termos e prezos das inscricións:

- A solicitude de inscrición para os/as deportistas menores de idade deberá ir acompañada dunha autorización paterna/materna.
- O prezo de cada inscrición será de 8€ para a San Silvestre Muradana e de 3€ para as categorías Sub8, Sub10 e Sub12. A San Silvestre PEQUES será gratuita.
- Non será posible formalizar inscricións fóra de prazo.
- En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.

Artigo 4. Entrega de dorsais.

A entrega de dorsais abrirase ás 17:00 horas no Mercado Municipal de Muros o sábado 26 de decembro e permanecerá aberta ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.

Artigo 5. Premiación.

Establécense os seguintes premios:

- Trofeo ou medalla aos/ás 3 primeiros clasificados e clasificadas de cada categoría agás a categoría PEQUES.
- Na categoría PEQUES levarán medalla todos/as os/as participantes.
- O finalizar as probas a organización convidará a una pequena merenda a tódolos participantes.

As clasificacións da carreira poderán consultarse na páxina web de cronotec.

A entrega de premios realizarase a partir das 20:30 horas aproximadamente no lugar de saída e meta de tódalas probas.

Artigo 6. Servizo de duchas e vestiarios.

Porase a disposición dos participantes un servizo de duchas e vestiarios no Polideportivo Municipal de Muros.

Artigo 7. Percorrido.

A proba San Silvestre 5 KM disputarase sobre un percorrido de 5.000 metros, totalmente urbanos que percorreren o Casco Histórico de Muros, a zona portuaria e a estrada ata a Rotonda de Serres e voltando pola Virxe do Camiño. Con saída e meta no Mercado Municipal de Muros. O tempo máximo para percorrer os 5.000 metros será de 45 minutos. Todo aquel atleta que supere dito tempo poderá finalizar a carreira baixo a súa responsabilidade.

Artigo 8. Seguridade.

A proba estará supervisada polos voluntarios da organización, a Policía Local, Ges e Protección Civil.

Artigo 9. Información complementaria.

- Todo aquel que participe na proba sin estar inscrito, sin dorsal, non opta a ningunha das prerrogativas as que teñen dereito os corredores inscritos oficialmente e poderá ser retirado da proba.
- Será descalificado todo corredor que non realice o percorrido completo, manifeste un comportamento antideportivo, non atenda as indicacións da policía

municipal ou dos voluntarios que cubren o percorrido ou non cumpla ás normas establecidas neste regulamento.

- Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola Organización.
- En caso de retirada, avisarase ao persoal da Organización.
- Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba, non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento xeral da proba. O Clube de Atletismo Serres Runners non se fará responsable dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira.
- Os aspectos non recollidos neste Regulamento resolveranse segundo o criterio da comisión organizadora, cuxas decisións serán inapelables.
- **O tratarse dunha San Silvestre e debido o seu carácter festivo, permítese a todo corredor levar disfraces ou caracterizarse sempre deixando a vista o dorsal.**
- Os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente.

RESPONSABILIDADE

O participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba. Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.

LOPD Tódolos corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet oficiais.